

# MOCIÓN DEFENSA ÁREA SANITARIA DE MONFORTE DE LEMOS

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras levar varios días escoitando diferentes voces sobre a inminente publicación da Estrutura de Xestión Integrada da provincia de Lugo que nos deixaría con dependencia directa de Lugo e un Xerente Executivo á fronte e especialmente a emitida no xornal La Voz de Galicia o pasado día 8 de marzo do presente ano polo Presidente da Xunta de Galicia, Sr. Núñez Feijoo, na que afirma *“poñer en marcha unha área para coordinar todos os hospitais e toda a Atención Primaria da provincia de Lugo como fixemos na provincia de Ourense,...”* Esta afirmación rompe literalmente o compromiso feito polo propio Presidente o 28 de maio de 2010 cando dixo que *“Monforte será a primeira Área de Xestión Integrada con hospital comarcal que teña unha Xerencia Única para atención primaria e especializada”* (La Voz de Galicia) e no diario El Progreso o 29 de maio de 2010 puidemos ler *“Feijoo asevera que el área Sanitaria seguirá independente de Lugo”*.

Estas mesmas palabras por tres veces as repetiu diante de catro membros da Plataforma Sanitaria nunha reunión mantida no Restaurante Don Manuel.

A día de hoxe somos unha Área Sanitaria con todas as súas competencias, pero de facerse realidade a publicación do Decreto de Estrutura de Xestión Integrada en Lugo, deixariamos de ter AUTONOMÍA DE XESTIÓN, e isto suporía entre outras cousas, as seguintes:

- Perda de orzamentos propios. Teremos os cartos que Lugo nos queira dar.
- Perda de decisión. Faremos o que mande Lugo.
- Perda daqueles servizos nos que non somos rendibles economicamente, tales como partos e pediatría.
- Perda de especialidades con un só especialista á fronte: neuroloxía, endocrinoloxía, reumatoloxía, neumoloxía.

En definitiva, isto vai supoñer o principio da fin do Hospital de Monforte, unha morte lenta e progresiva.

E por todo isto,

## SOLICITA

1. Que o Presidente da Xunta de Galicia cumpra a súa palabra e a nosa Área Sanitaria manteña, ademais do mapa sanitario, todas as competencias e autonomía propia.
2. Igual que en Burela o seu Xerente, o Sr. José Insua, solicitamos “o apoio de todos os partidos para defender a sanidade de Monforte, para non quedar marcados para sempre por ser corresponsables da súa dependencia de Lugo”.
3. Instar á Corporación Municipal do Concello de Monforte de Lemos para que traslade os acordos adoptados neste pleno á Xunta de Galicia.

Monforte de Lemos, a 11 de marzo de 2013